Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación Ángel Manuel Pena Romay, na data 29/06/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación foron presentadas de forma completa, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), as ofertas dos seguintes licitadores:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
3. CANARGA, S.L.
4. CETA CONTRATAS, S.L.
5. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
6. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
7. CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.
8. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.
9. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
10. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
11. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA).
12. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
13. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
14. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
15. HARKO TECNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.
16. SONDEOS PORZUNA, S.L.
17. SUNNE GALIZA, S.L.U.
18. SYR AMG, S.L.
19. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.

A Mesa de contratación na súa reunión da data 02/07/2020 procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas no SILEX e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	IVE 21%	TOTAL
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	CORRECTA	108.733,11 €	22.833,95 €	131.567,06 €
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	105.317,92 €	22.116,76 €	127.434,68 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	92.892,56 €	19.507,44 €	112.400,00 €
CETA CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	103.217,14 €	21.675,60 €	124.892,74 €
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	CORRECTA	92.800,00 €	19.488,00 €	112.288,00 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	89.993,21 €	18.898,57 €	108.891,78 €
CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	92.900,00 €	19.509,00 €	112.409,00 €
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	CORRECTA	91.328,96 €	19.179,08 €	110.508,04 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	CORRECTA	98.845,59 €	20.757,57 €	119.603,16 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	90.704,61 €	19.047,97 €	109.752,58 €
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	CORRECTA	96.586,33 €	20.283,13 €	116.869,46 €





NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	88.451,02 €	18.574,71 €	107.025,73 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	CORRECTA	115.032,47 €	24.156,82 €	139.189,29 €
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	CORRECTA	89.603,31 €	18.816,70 €	108.420,01 €
HARKO TECNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.	CORRECTA	114.980,00 €	24.145,80 €	139.125,80 €
SONDEOS PORZUNA, S.L.	CORRECTA	92.421,84 €	19.408,59 €	111.830,43 €
SUNNE GALIZA, S.L.U.	CORRECTA	111.500,00 €	23.415,00 €	134.915,00 €
SYR AMG, S.L.	CORRECTA	105.159,98 €	22.083,60 €	127.243,58 €
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	109.337,31 €	22.960,84 €	132.298,15 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador “Nemesio Ordóñez, S.A.” debe ser considerada, en principio, como anormalmente baixa, a Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 02/07/2020, acordou requirir á citada empresa para que no prazo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta.

A notificación do requirimento para a xustificación da oferta considerada, en principio, como anormalmente baixa, enviouse, de forma electrónica, na data 19/08/2020.

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa “Nemesio Ordóñez, S.A.” (con entrada no rexistro xeral na data 25/08/2020 co número 10.448).

Con data 09/10/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS EN ATALAIÁ (CORRUBEDO)”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

Na documentación presentada por Nemesio Ordóñez, S.A. expón os motivos especialmente vantaxosos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén medios propios, a maquinaria e os medios auxiliares dos que dispón para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Nemesio Ordóñez, S.A.”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 20/10/2020.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/10/2020 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa, considerar xustificada a oferta económica presentada por “Nemesio Ordóñez, S.A.”

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS EN ATALAIÁ (CORRUBEDO)”**, do seguinte xeito:





ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	88.451,02 €
2	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	89.603,31 €
3	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	89.993,21 €
4	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	90.704,61 €
5	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	91.328,96 €
6	SONDEOS PORZUNA, S.L.	92.421,84 €
7	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	92.800,00 €
8	CANARGA, S.L.	92.892,56 €
9	CONSTRUCCIONS FERMÍN SIMAL, S.L.	92.900,00 €
10	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	96.586,33 €
11	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	98.845,59 €
12	CETA CONTRATAS, S.L.	103.217,14 €
13	SYR AMG, S.L.	105.159,98 €
14	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	105.317,92 €
15	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	108.733,11 €
16	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	109.337,31 €
17	SUNNE GALIZA, S.L.U.	111.500,00 €
18	HARKO TECNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.	114.980,00 €
19	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	115.032,47 €

TERCEIRO.- Requirir á empresa “Nemesio Ordóñez, S.A.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de **sete días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, **presente de forma telemática, a través do Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Ribeira, a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

6.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN EN OUTEIRO (CARREIRA)”.

Expediente: 2020/C_OB000004

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN EN OUTEIRO (CARREIRA)”, cun orzamento total de licitación de 89.015,73 euros (orzamento base: 73.566,72 euros; IVE 21%: 15.449,01 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos POS+ 2019)”, aprobado polo Pleno da





Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/04/2019, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 30/04/2019, co número 6.028, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 2019/19076 de data 31/05/2019, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 03/06/2019, co número 7.676.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2018, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/12/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61916, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 07/05/2020.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 14/05/2020.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación Ángel Manuel Pena Romay, na data 22/06/2020, consta que a esta contratación foron presentadas de forma completa, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), as ofertas dos seguintes licitadores:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
3. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
4. CANARGA, S.L.
5. CETA CONTRATAS, S.L.
6. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
7. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
8. CONSTRUCCIONES SIBER ORDES, S.L.
9. CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
10. CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.
11. CONSTRUCCIONES LODEIRO Y RODRÍGUEZ, S.L.
12. CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.
13. COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS, S.L.
14. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
15. EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.
16. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
17. EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.
18. GESTAL Y LÓPEZ, S.L.
19. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
20. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
21. OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.
22. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
23. SUNNE GALIZA, S.L.U.
24. SYR AMG, S.L.
25. TABOADA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.L.
26. TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ.
27. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.





A Mesa de contratación na súa reunión da data 23/06/2020 procedeu á apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas no SILEX e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	IVE 21%	TOTAL
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	CORRECTA	60.518,60 €	12.708,91 €	73.227,51 €
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	59.589,04 €	12.513,70 €	72.102,74 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	55.491,98 €	11.653,32 €	67.145,30 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	61.280,99 €	12.869,01 €	74.150,00 €
CETA CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	59.478,69 €	12.490,52 €	71.969,21 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	51.000,00 €	10.710,00 €	61.710,00 €
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	CORRECTA	53.800,00 €	11.298,00 €	65.098,00 €
CONSTRUCCIONES SIBER ORDES, S.L.	CORRECTA	54.670,00 €	11.480,70 €	66.150,70 €
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	CORRECTA	51.055,30 €	10.721,61 €	61.776,91 €
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	CORRECTA	57.227,56 €	12.017,79 €	69.245,35 €
CONSTRUCCIONES LODEIRO Y RODRÍGUEZ, S.L.	CORRECTA	69.432,80 €	14.580,89 €	84.013,69 €
CONSTRUCCIONS FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	43.979,00 €	9.235,59 €	53.214,59 €
COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS, S.L.	CORRECTA	58.365,36 €	12.256,73 €	70.622,09 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	CORRECTA	58.485,54 €	12.281,96 €	70.767,50 €
EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	CORRECTA	53.703,70 €	11.277,78 €	64.981,48 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	47.070,56 €	9.884,82 €	56.955,38 €
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	CORRECTA	52.151,45 €	10.951,80 €	63.103,25 €
GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	CORRECTA	60.324,71 €	12.668,19 €	72.992,90 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	58.956,37 €	12.380,84 €	71.337,21 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	CORRECTA	71.455,35 €	15.005,62 €	86.460,97 €
OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.	CORRECTA	53.107,82 €	11.152,64 €	64.260,46 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	56.204,00 €	11.802,84 €	68.006,84 €
SUNNE GALIZA, S.L.U.	CORRECTA	62.980,00 €	13.225,80 €	76.205,80 €
SYR AMG, S.L.	CORRECTA	53.460,85 €	11.226,78 €	64.687,63 €
TABOADA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.L.	CORRECTA	70.950,18 €	14.899,54 €	85.849,72 €
TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ.	CORRECTA	54.033,67 €	11.347,07 €	65.380,74 €
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	61.994,67 €	13.018,88 €	75.013,55 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polos licitadores “Construcciones Anspal, S.L.”, “Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.”, “Construccions Fermín Simal, S.L.” e “Excavaciones Nima, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas, a Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 23/06/2020, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo de 5 días hábiles xustificasen as súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos para as xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, enviáronse, de forma electrónica, na data 18/08/2020.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas respectivas ofertas as empresas “Excavaciones Nima, S.L.” (con entrada no rexistro xeral na data 24/08/2020 cos números 10.336 e 10.341) e “Construccions Fermín Simal, S.L.” (con entrada no rexistro xeral na data 25/08/2020 co número 10.389).

Non consta que presentasen documentación xustificativa da súas respectivas ofertas





económicas as empresas “Construcciones Anspal, S.L.” e “Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.”

Con data 09/10/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN EN OUTEIRO (CARREIRA)”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

Na documentación presentada por Excavaciones Nima, S.L. e por Construccions Fermín Simal, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar as súas ofertas, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estiman debidamente xustificadas as ofertas presentadas.

As empresas Construcciones Anspal, S.L. e Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. non presentaron documentación para xustificar a súa oferta”.

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada polas empresas Excavaciones Nima, S.L. e por Construccions Fermín Simal, S.L. e excluír ás empresas Construcciones Anspal, S.L. e Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L. do proceso de licitación”.*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 20/10/2020.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Excluír da licitación ás empresas **“Construcciones Anspal, S.L.” e “Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.”** por non ter presentado documentación xustificativa da súas respectivas ofertas económicas dentro do prazo concedido a tal fin.

SEGUNDO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/10/2020 e tendo en conta a documentación aportada polas empresas, considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas por “Excavaciones Nima, S.L.” e por “Construccions Fermín Simal, S.L.”

TERCEIRO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN EN OUTEIRO (CARREIRA)”**, do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	43.979,00 €
2	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	47.070,56 €
3	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.	52.151,45 €
4	OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, S.L.	53.107,82 €
5	SYR AMG, S.L.	53.460,85 €
6	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	53.703,70 €
7	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	53.800,00 €
8	TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ.	54.033,67 €





9	CONSTRUCCIONES SIBER ORDES, S.L.	54.670,00 €
10	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	55.491,98 €
11	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	56.204,00 €
12	CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	57.227,56 €
13	COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS, S.L.	58.365,36 €
14	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	58.485,54 €
15	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	58.956,37 €
16	CETA CONTRATAS, S.L.	59.478,69 €
17	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	59.589,04 €
18	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	60.324,71 €
19	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L	60.518,60 €
20	CANARGA, S.L.	61.280,99 €
21	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	61.994,67 €
22	SUNNE GALIZA, S.L.U.	62.980,00 €
23	CONSTRUCCIONES LODEIRO Y RODRÍGUEZ, S.L.	69.432,80 €
24	TABOADA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.L.	70.950,18 €
25	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	71.455,35 €

CUARTO.- Requirir á empresa “Construccións Fermín Simal, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente, de forma telemática, a través do Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Ribeira a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

7.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E OUTRAS SANCIÓN DO CONCELLO DE RIBEIRA.

Expediente: 2020/C_SE000017

Visto o expediente que se tramita para contratar a prestación dos **Servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Ribeira**, cun orzamento total ANUAL de licitación de 167.719,14 euros (base ANUAL: 138.610,86 euros; IVE 21% ANUAL: 29.108,28 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

O valor estimado do contrato ascende a 658.401,57 euros. Esta cifra é ó resultado de multiplicar o importe da anualidade excluído o IVE (138.610,86) por 4 anos de duración (2 iniciais + 2 posibles prórrogas), máis a prórroga do contrato por un período máximo de 9 meses cando ó vencemento do contrato non estivese formalizado o novo contrato (art. 29.4





da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público)

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación (no que se inclúe a xustificación da imposibilidade de atender as necesidades das que é obxecto o contrato a través dos medios dispoñibles), asinada pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza, na data 22/10/2020, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na mesma data.

2) Informe xustificativo da non división en lotes do contrato asinada pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza na data 22/10/2020.

3) Prego de prescricións técnicas redactado pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza, na data 22/10/2020.

4) Informe emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 22/10/2020 no que se indica, entre outros extremos, que non procede a emisión dun certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente polo valor estimado do contrato para o ano 2020.

5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 28/10/2020.

6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 29/10/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 02/11/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 17 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da Prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Ribeira, cun orzamento total ANUAL de licitación de 167.719,14 euros (base ANUAL: 138.610,86 euros; IVE 21% ANUAL: 29.108,28 euros), cun prazo de duración de 2 anos, prorrogable con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.(Valor estimado do contrato: 658.401,57 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas redactado pola tesoureira municipal, María Teresa Cid Poza, na data 22/10/2020.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación do servizo, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 28/10/2020.





CUARTO.- Aprobar a tramitación anticipada do gasto.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 2.3.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello.

SÉTIMO.- Ó tratarse dun contrato de servizos suxeito a Regulación Harmonizada a licitación anunciarase ademais de no Perfil de Contratante do Concello no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

OITAVO.- Conforme establece a cláusula 2.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a presente licitación ten carácter electrónico. Con carácter exclusivo e excluínte presentarase as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/.

NOVENO.- Segundo establece a cláusula 2.8 do Prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación estará composta de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria de data 25/06/2018.

DÉCIMO.- Dar conta do presente acordo á Intervención e á Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

8.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES TASCA E ABESADAS (AGUIÑO E RIBEIRA)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES TASCA E ABESADAS (AGUIÑO E RIBEIRA)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 16/11/2017, a favor da empresa “ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.” (NIF: B15411705), e o correspondente contrato asinouse na data 18/12/2017.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.481,11 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 10/11/2017 (nº de operación 2017 33008430), xustificativa de constitución de aval de Abanca.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 02/07/2018.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre a garantía depositada.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 28/10/2020, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 29/10/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.





A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo**:

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.481,11 euros constituída por "ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L." (NIF: B15411705), para responder da execución do contrato "ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES TASCA E ABESADAS (AGUIÑO E RIBEIRA)".

9.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "EXCAVACIONES NIMA, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS E PLUVIAIS EN AVENIDA DO FERROL (RIBEIRA)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS E PLUVIAIS EN AVENIDA DO FERROL (RIBEIRA)".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 16/05/2018, a favor da empresa "EXCAVACIONES NIMA, S.L." (NIF:B-15405335), e o correspondente contrato asinouse na data 28/05/2018.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 2.598,87 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 03/05/2018 (nº de operación 2018 33003014), xustificativa de constitución de aval de Abanca (R.E.A 367358) e unha garantía complementaria de 2.598,87 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 03/05/2018 (nº de operación 2018 33003015), xustificativa de constitución de aval de Abanca (R.E.A 367357).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 22/01/2019.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías depositadas.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 28/10/2020, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 29/10/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución das garantías definitiva e complementaria depositadas pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo**:

A cancelación e devolución das garantías definitiva de 2.598,87 euros e complementaria de 2.598,87 euros constituídas por "EXCAVACIONES NIMA, S.L." (NIF:B-15405335), para responder da execución do contrato "RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS E PLUVIAIS EN AVENIDA DO FERROL (RIBEIRA)".

10.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "REHABILITACIÓN DAS RÚAS VIONTA E ÍNSUA (RIBEIRA)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "REHABILITACIÓN DAS RÚAS VIONTA E ÍNSUA (RIBEIRA)".





A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 05/01/2017, a favor da empresa "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L." (NIF: B-15985187), e o correspondente contrato asinouse na data 11/01/2017.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.420,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 30/11/2016 (nº de operación 2016 33007866), xustificativa de constitución de aval do Banco Pastor (R.E.A. nº 8198/692).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 04/08/2017.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre a garantía depositada.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 28/10/2020, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 29/10/2020, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.420,00 euros constituída por "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L." (NIF: B-15985187), para responder da execución do contrato "REHABILITACIÓN DAS RÚAS VIONTA E ÍNSUA (RIBEIRA)".

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Corrección de erros:

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 22/10/2020, relativo a dación de conta de decreto de "Adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado "Melloras nas instalacións deportivas de A Fieiteira"", e advertido erro na redacción do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda que se prodeda á subsanación do mesmo, quedado redatado o citado decreto como segue:

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 24/09/2020 **"Decreto: Adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado "Melloras nas instalacións deportivas de A Fieiteira""**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - NATALIA VIDAL PEGO E JOSÉ MANUEL OUVIÑA FIEIRO.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

REFª CATASTRAL: 9399505MH9099N.

SITUACIÓN: Rúa Carreiriña nº 21, Carreira, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sra. Natalia Vidal Pego, (DNI 53.481.721-M) e Sr. José Manuel Ouviaña Fieiro, (DNI 53.480.455-G).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel González González (arquitecto col 3.145).

PROXECTO: Proxecto Básico de agosto de 2020 / Proxecto Básico modificado de outubro de 2020.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 110.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vistos os escritos presentados pola Sra. Natalia Vidal Pego, (DNI 53.481.721-M) e Sr. José Manuel Ouviaña Fieiro, (DNI 53.480.455-G), rexistrados de entrada os días 10 de agosto e 15 de outubro de 2020, (Rexistro de entrada nº 9.757 e 13.505), mediante os que solicita licenza de obras para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, na Rúa Carreiriña nº 21, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 9399505MH9099N, achegándose Proxecto Básico de agosto de 2020 e Proxecto Básico modificado de outubro de 2020 redactado polo Sr. Manuel González González (arquitecto col 3.145).

SEGUNDO.- Visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 26 de outubro de 2020, no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Visto o informe emitido pola enxeñeira municipal Sra. Uxía Landeira Pereira o día 28 de outubro e 3 de novembro de 2020 en relación á superficie de 66,58 m² de cesión a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, contemplando unha fianza para responder polos servizos urbanísticos a completar pola rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar de 1.933,48 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación





Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

En relación a dita Ordenanza o criterio estable é, xa fixado dende a entrada en vigor do actual planeamento municipal, polo Servizo de Urbanismo do Concello, e o de compatibilizar o uso residencial en categoría primeira (unifamiliar) dentro do residencial de 2ª categoría (plurifamiliar ou colectiva), toda vez que pode entenderse como unha peculiaridade da primeira sobre a segunda categoría, e tendo en conta que a ordenanza non impón a obriga de esgotar o número máximo de alturas permitido, o que parece lóxico na medida en que non se trata dunha ordenanza de edificación pechada entre medianeiras, que poidese en tal caso xustificar unha armonización da cornixa, senon que precisamente a edificación necesariamente debe dispoñerse exenta e recuada un mínimo de 3 m. As ocasións nas que a xurisprudencia veu entendendo obrigatorio esgotar o número de andares previstos no planeamento foi nos casos nos que a ordenanza impoñía expresamente unha unificación de alturas en función de criterios estéticos, co fin de conquistar unha altura de cornixa uniforme e non xerar paramentos cegos vistos, ou para a harmonización das novas edificacións con elementos protexidos, coma se di na Sentenza do TS de 24 de febreiro de 1997. Pero neste caso non existen tales condicionantes, polo que cabe concluir que a altura e número de andares defínense na ordenanza como máximas, pero non como mínimas. Máxime tendo en conta que a ordenanza de aplicación, e no seu apartado 1.2 “usos globais”, establece o “residencial extensivo ou de baixa densidade”; e que como no presente caso o uso pormenorizado proposto é o de residencial de vivenda unifamiliar; asumindo que o mesmo está integrado no uso global e xenérico residencial.

Por iso, e partindo do aforismo de que "quen pode o máis pode o menos", non existe ningunha razón para impedir que non se esgote a altura máxima prevista pola ordenanza, posibilitando así o feito de poder edificar unha única planta sobre rasante (planta baixa) e gardando os recuados a lindeiros de 3 metros.

Á vista das consideracións precedentes, cabe concluir que a proposta contida do proxecto, aínda que non esgota a altura e número de andares permitidos na Ordenanza aplicable, axústase aos parámetros edificatorios que establece a mesma, integrándose dentro do “uso xenérico residencial extensivo” e, dentro deste, no máis restritivo ou de menor intensidade de uso.

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.





QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desaloxar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraeñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de agosto de 2020 e Proxecto Básico modificado de outubro de 2020 redactado polo Sr. Manuel González González (arquitecto col 3.145).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico





competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exíxiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.





2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de data 26 de outubro de 2020 e visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital de data 28 de outubro e 3 de novembro de 2020 e da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José





Martínez de Llano Orosa, de data 04/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, Por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Natalia Vidal Pego, (DNI 53.481.721-M) e ao Sr. José Manuel Ouviaña Fieiro, (DNI 53.480.455-G) **LICENZA DE OBRAS (Nº 32/20)** para **REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita na Rúa Carreiriña nº 21, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 9399505MH9099N, nos termos do Proxecto Básico de agosto de 2020 así como do Proxecto Básico modificado de outubro de 2020 redactado polo Sr. Manuel González González (arquitecto col 3.145):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.**
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión en total de 66,58 m²**, e completar a dotación de **servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 1.933,48 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*





- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas



FIRMANTE - FECHA





condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Manuel Vilas Tomé** no que solicita certificado conforme un hórreo ubicado en Montevixán, 44 (Carreira), na finca con referencia catastral 9198908MH9099N0001ZM non se encontra catalogado nin inventariado no Catálogo de Edificios e ElementosCulturais do PXOM de Ribeira.

Visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Peira, de data 29/10/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Examinado o Catálogo de Edificios e ElementosCulturais do PXOM de Ribeira, non aparece mencionado o hórreo ubicado en Montevixán, 44 (Carreira), na finca con referencia catastral 9198908MH9099N0001ZM, polo que se conclúe que non está catalogado nin inventariado.





VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE LOCAL - MAXIMINO ROBERTO MAROÑO VILABOA.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0415905NH0101N0034LG.

SITUACIÓN: Rúa Campo Amor - Rúa Estatuto portal nº 6, local 2, Abesadas, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sr. Maximino Roberto Maroño Vilaboa, (DNI 32.252.843-H).

ESTUDIO TÉCNICO: Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de local de marzo de 2020.

AUTOR/A ESTUDIO TÉCNICO: Sr. José Manuel Dios Tomé (enxeñeiro industrial col. nº 2.166).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto o escrito presentado polo Sr. Maximino Roberto Maroño Vilaboa, (DNI 32.252.843-H), rexistrado de entrada o día 13 de marzo de 2020, (Registro de entrada nº 3.779), mediante o que solicita, declaración de innecesariedade de licenza de segregación para realizar a división de local comercial cunha superficie de 213,77 m² emprazado en parcela con refª catastral nº 0415905NH0101N0034LG, na Rúa Campo Amor - Rúa Estatuto portal nº 6, local 2, Abesadas, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de local de marzo de 2020, redactado polo Sr. José Manuel Dios Tomé (enxeñeiro industrial col. nº 2.166), resultando finalmente o local - 1 de 115,57 m² e o local - 2 de 98,20 m².

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.2003 e no D.O.G. do 20.03.2003, como solo **URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA**, “comprendendo esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sótanos a aparcamento.”.

SEGUNDO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no



FIRMANTE - FECHA





prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de local de outubro de 2017 redactado por Manuel Vidal García.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralles ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.



FIRMANTE - FECHA





O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exigible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

SEXTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).





Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- A Lei de de propiedade horizontal ten por obxecto a regulación da forma especial de propiedade establecida no artigo 396 do Código Civil, que se denomina propiedade horizontal.

Establece a Lei 49/1960 de 21 de xullo de propiedade horizontal nos termos da modificación introducida polo Real Decreto Legislativo 7/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana que, requirirán autorización administrativa en todo caso a constitución e modificación do complexo inmobiliario.

OITAVO.- Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

NOVENO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.





Da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- DECLARAR A INNECESARIEDADE DA LICENZA DE SEGREGACIÓN de local comercial cunha superficie de 213,77 m² solicitada polo Sr. Maximino Roberto Maroño Vilaboa, emprazado en parcela con refª catastral nº 0415905NH0101N0034LG, na Rúa Campo Amor - Rúa Estatuto portal nº 6, local 2, Abesadas, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de local de marzo de 2020, redactado polo Sr. José Manuel Dios Tomé (enxeñeiro industrial col. nº 2.166), resultando finalmente dous locais do seguinte modo:

- Local - 1 de 115,57 m² e o local - 2 de 98,20 m².

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis **pola superficie de 213,77 m²**.

TERCEIRO.- Asimesmo a declaración de innecesariedade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesariedade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- **VISTO** o Oficio remitido polo **Xulgado de Primeira Instancia Nº 3 de Ribeira**, de data 23 de outubro de 2020, rexistrado de entrada no Concello de Ribeira o día 29 de outubro de 2020, (Rexistro de entrada nº 14.225), a fin de que se poña inmediateamente a disposición do Xulgado o aval subscrito pola entidade Promoeira, S.L., dado que dita entidade está liquidada e disolta voluntariamente polos seus administradores.

VISTO o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/11/2020, no que sinala:

“En relación ao oficio 23 de outubro de 2020, rexistrado de entrada no Concello de Ribeira o día 29 de outubro de 2020, (Rexistro de entrada nº 14.225), a fin de que se poña inmediateamente a disposición de Xulgado o aval subscrito pola entidade Promoeira, S.L. dado que dita entidade está liquidada e disolta voluntariamente polos seus administradores, se informa o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 3 de agosto de 2006 concedeu a licenza de obras nº 403/06 á entidade “INVERSIONES GRUPO PROMOEIRA S.L. para construción de edificio de 22 vivendas unifamiliares, e edificio de 43 apartamentos de planta soto, planta baixa, planta primeira e baixocuberta.

Posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10 de marzo de 2011 acordou por unanimidade:

“
(...)

Conceder a INVERSIONES GRUPO PROMOEIRA S.L. licenza de primeira ocupación PARCIAL edificio de 43 apartamentos de planta soto, planta baixa, planta primeira e baixocuberta no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, segundo a licenza de obras nº 403/06 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 03/08/06, de acordo coas determinacións da **Documentación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 20/08/10, **Certificación Final Parcial de Dirección de Obra** visada polos Colexios Oficiais correspondentes na data na data 04/11/09 e 21/10/09 respectivamente, **Acta de Replanteo y de Comienzo de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 28/09/10, **Liquidación Final de Obra** visada polos Colexios Oficiais correspondentes na data 28/09/10 e 17/09/10 respectivamente, **Acta de Recepción Parcial de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 28/09/10 e polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, **Certificación de Infraestrutura Común de Telecomunicacións con Boletín de Instalación e Protocolo de Probas.**

(...)
“

En relación á devolución do aval consta informe da enxeñeira municipal o día 14 de abril de 2011 en base a que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de abril de 2011 acordou por unanimidade a devolución do 88% do aval depositado no seu día pola cantidade 135.652,46 €, quedando depositado no concello a cantidade de 18.498,00 € do aval polo que se propón a Xunta de Goberno Local que se poña o mesmo a disposición do Xulgado.”

Á vista do anteriormente exposto, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a posta a disposición do Xulgado de Primeira Instancia Nº 3 de Ribeira a **cantidade de 18.498,00 €** que quedo depositado neste concello mediante aval subscrito pola





entidade Promoeira, S.L. (Entidade actualmente liquidada e disolta voluntariamente polos seus administradores)

2.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 30/10/2020, no que propón unha delimitación horizontal de zona de taxis na Rúa Otero Pedrayo (Ribeira).

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a delimitación con sinalización horizontal mediante liña lonxitudinal discontínua, a zona de espera do servizo de taxis ubicada na Rúa Otero Pedrayo e, así mesmo, o pintado da lenda "TAXIS" en cinco zonas repartidas de xeito equidistante, según o sinalado no citado informe policial.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do oficio remitido polo **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo**, de data 28/10/2020, no que achega sentenza nº 556/2020 de data 26/10/2020, pola que se desestima o Recurso de Apelación 4082/2020 interposto por Frigoríficos Riveira Mar, S.L. e Congelados y Elaborados Bahía de Cádiz, S.L.U., contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela nº 2/2020, de 17/01/2020, ditada no Procedemento Ordinario 3/2019.

4.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido pola **Axencia Galega de Infraestruturas – Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, de data 09/10/2020 (Rexistro de entrada nº 13.206), relativo ao expediente AC/09/257.01 (Pagamento xuros) "Proxecto de trazado e construción de mellora da estrada AC-303, Oleiros (AC-550)-Corrubedo, no Concello de Ribeira" e Modificado Nº 1.

ACORDO INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS, S.L.

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Axíña Servizos Deportivos, S.L. para a prestación do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2020 declarouse a imposibilidade da execución do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness,





dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira dende a data de 1 de maio de 2020, de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que o contrato quedou suspendido ata que a prestación poida renovarse.

Visto o escrito presentado por Axiña Servizos Deportivos, S.L. na data 14 de outubro de 2020 no que solicita a indemnización de danos e prexuízos establecida no artigo 34.1 do Real Decreto Legislativo 8/2020 para o período de agosto de 2020, que ascende a 13.688,84 euros.

Visto o informe de intervención de data 04/11/2020.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 04/11/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización de danos e prexuízos do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira correspondente ao mes de agosto de 2020, a favor da concesionaria Axiña Servizos Deportivos, S.L. por un importe de 13.688,84 euros.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga por dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 342.22707 e ordenar o pago da mesma.

REMISIÓN INFORME SOBRE SOLICITUDE DE EXTRACCIÓN DE AREA PARA CONSERVACIÓN DE CEBO VIVO DESTINADO A PESCA (T.M. DE RIVEIRA)

Visto o escrito remitido pola **Demarcación de Costas en Galicia**, de data 27 de outubro de 2020 (escrito con data do 30 de outubro de 2020, entrada núm. 14.334), *mediante o que se solicitan informe municipal ao abeiro do procedemento establecido no artigo 152 do Regulamento Xeral de Costas, aprobado mediante o Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, en relación cunha solicitude efectuada pola Confraría de Pescadores "San Pedro" de Ribeira, para extracción de area co fin de conservación de cebo vivo para a pesca nas praias de Ribeira. Acompáñase de copia da solicitude efectuada por José Antonio Pérez Sieira, en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores "San Pedro" de Ribeira, de data 16 de outubro de 2020.*

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** remitir á Demarcación de Costas en Galicia o informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 03/11/2020, que a continuación se transcribe:

"INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE





CLAVE: OPC 39/10-2020

ASUNTO: EXTRACCIÓN DE AREA PARA CONSERVACIÓN DE CEBO VIVO DESTINADO A PESCA
(T.M. DE RIBEIRA)

ANTECEDENTES

Escrito da Demarcación de Costas en Galicia, de data 27 de outubro de 2020 (escrito con data do 30 de outubro de 2020, entrada núm. 14.334), mediante o que se solicitan informe municipal ao abeiro do procedemento establecido no artigo 152 do Regulamento Xeral de Costas, aprobado mediante o Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, en relación cunha solicitude efectuada pola Confraría de Pescadores "San Pedro" de Ribeira, para extracción de area co fin de conservación de cebo vivo para a pesca nas praias de Ribeira. Acompáñase de copia da solicitude efectuada por José Antonio Pérez Sieira, en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores "San Pedro" de Ribeira, de data 16 de outubro de 2020.

INFORME

Examinada a documentación presentada, fago as seguintes apreciacións:

- O sistema de extracción da area é manual e o realiza o armador ou algún tripulante das embarcacións relacionadas (tripulacións de 1 ou 2 persoas).
- As zonas onde se realiza a extracción, máis habitualmente, son as praias de Couso, Castiñeiras, Mosqueiros e Coroso, en función das condicións que presente a area ese día, pois ten que ser grosa e estar limpa, e nalgunhas praias esas condicións danse en baixamar.
- Na extracción non intervén ningún vehículo, é manual. A cantidade que precisan é de 100 a 125 Kg/mes.
- A area usada vértese ao mar.
- As localizacións onde se realizarán as extraccións de area están incluídas integramente en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Espazos naturais protexidos e plans de conservación.

Efectuada consulta no visor de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, estes son os resultados obtidos ao cargar as capas correspondentes a: Rede Natura 2000, Rede Galega de Espazos Protexidos e Biodiversidade para as zonas das praias obxecto de actuación:

Couso

Capa: Plan cons. Píllara das dunas

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Couso	POTENCIAL	NON	593.414516	0.611827	SI	SI

Castiñeiras

Capa: Plan cons. Píllara das dunas

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Castiñeiras	POTENCIAL	NON	1027.264113	1.274648	SI	SI

Mosqueiros

Coroso

Capa: Plan cons. Píllara das dunas

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Coroso	PRESENCIA	NON	2997.111431	11.370522	SI	NON





Non se prevé efectuar extracción en espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Biodiversidade. Algunhas das praias están incluídas no ámbito de aplicación do Plan de Conservación da Píllara das Dunas dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.

Ao respecto das determinacións e normas previstas no Plan cómpre salientar o seguinte:

<i>Plan de conservación da píllara das dunas (<i>Charadrius alexandrinus</i> L.) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro</i>	
Artigo 9. Normas xerais	Observacións
1. En todos aqueles territorios de Galicia incluídos na zonificación da píllara das dunas serán de aplicación, con carácter xeral as seguintes normas:	
a) No marco de aplicación do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, os proxectos de ordenación e restauración ambiental ou paisaxística realizaranse conforme os principios e normas establecidos neste decreto e respectarán os requirimentos ecolóxicos da píllara das dunas e a conservación do seu hábitat.	Non procede
b) Tanto os proxectos como os plans e programas comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cando poidan afectar o hábitat da píllara das dunas, deberán avaliar os seus efectos sobre esta especie e garantir a conservación da súa poboación.	Non procede
2. Previamente á autorización das seguintes actividades, deberá avaliarse o seu posible impacto sobre a píllara das dunas:	
a) O novo trazado ou modificación de estradas, pistas, camiños ou carreiros que poidan afectar o hábitat da píllara das dunas.	Non procede
b) Os instrumentos de planificación territorial e urbanística, así como calquera modificación deles con efectos ambientais.	Non procede
Artigo 10. Normas específicas para a área de presenza	Observacións
1. Nas zonas de presenza en período reprodutivo pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos adoptaranse medidas de xestión específicas respecto ao tránsito e acceso aos respectivos frontes de praia. Na definición destas medidas evitarase a apertura de novos accesos a áreas prioritarias e teranse en conta os accesos recomendados establecidos no anexo V.	Non procede, os areais sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos
2. Nas zonas de presenza en período reprodutivo non se permite a presenza de animais libres do ámbito de aplicación da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e as persoas portadoras de animais atados serán responsables de que non produzan molestias ás aves.	Non procede
3. O tránsito con cabalos e a práctica do kite buggy están, así mesmo, prohibidos, salvo autorización específica do órgano competente en materia de conservación da natureza que garanta a non interferencia coa especie.	Non procede
4. A autorización por parte das administracións estatal, autonómica e local de actividades deportivas, culturais e turísticas organizadas que impliquen aglomeracións de persoas ou perturbacións non habituais na praia debe de avaliar previamente a súa posible interacción coa especie e garantir que non é afectada.	Non procede
5. Nas zonas de presenza pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos, con carácter xeral, non se permiten o aerodelismo, ala delta con motor e actividades similares en todo o ciclo anual.	Non procede, os areais sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, e a actividade non é asimilable





<p>6. Para a práctica do kitesurf deberanse respectar as limitacións e as canles establecidas en cada areal para montar as cometas e para a entrada e saída da auga que se establecen no anexo V. Non obstante, cando por causa de forza maior non se poida volver navegando á antedita zona ou en caso de ser necesario para salvaguardar a integridade física do deportista, poderase saír da auga en calquera punto da praia. Cando a saída se produza fóra das zonas establecidas para tal fin e as condicións de marea impidan volver camiñando pola beira a máis de 60 metros do cordón dunar, a persoa deberá recoller a cometa e camiñar con ela ata a zona delimitada.</p>	<p>Non procede</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------

Regulación da área de presenza: anexo V do Plan de Conservación.

Areal	Natura 2000	Reproducción Invernada	Accesos recomendados (artigo 10.1)	Limitacións e zonas para a práctica do kitesurf (artigo 10.5)
A Coruña Coroso		X		Utilizase a canle definida no anexo I entre 15/marzo e 15/xullo, permitíndose utilizar toda a fronte de praia o resto do ano.

CONCLUSIÓNS

A actividade prevista non é obxecto de regulación no Plan de conservación da pillara das dunas. O impacto da mesma é pouco significativo e, atendendo aos datos dispoñibles, non afectaría ás zonas prioritarias de conservación da especie.

No ámbito de competencias municipais, dende o punto de vista da incidencia ambiental, informo de xeito favorable a solicitude presentada aos efectos da resolución que no seu día adopte a Demarcación de Costas en Galicia, nas condicións previstas na propia solicitude ao respecto da devolución de area unha vez finalizado o uso previsto.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, e que someto a calquera outra mellor formada, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario.

Ribeira, á data da firma electrónica

O Técnico Municipal de Medio Ambiente
Ignacio L. Fernández Veiga”

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario acctal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario acctal.
José Martínez de Llano Orosa

